

Creación

Lírica

Sebastián ALÍA MORAL

A música

Que mágoa a miña!
Amores non correspondidos,
choros sen bágoas,
salaios na escuridade,
corpos trémulos e abatidos,
soidade desconsolada,
esperanzas frustradas.

Devezo o teu refuxio, morada de notas embriagadoras,
fluído de paixóns, de que a miña atormentada alma se impregna,
como remedio curativo, daqueles o meus pesares.

Que amarga é a amargura que a miña afición afixe!
Que triste a ledicia que colma os meus sentidos!
A miña vida cal espello, reflícte un ser deforme, xurdido do ingrato sabor do desamor,
estraño desenlace de avatares terreais,
inferno secular do corazón.

Tras unha teimada procura do elixir que a miña congoxa mitigue,
atopo naqueles acordes a paz tan anheladamente desexada.

Ledicia empezoñada, aldraxada polo veneno mortificador dos teus aloumiños, calvario do meu destino,
manancial dos meus desgustos.

Que sería de min se non sucumbise aos seus lamentos!
Como podería aturar tan pesado lastre, harmonía pura, divina e celestial en pentagramas ganduxada!

Turbios pensamentos estráganme, azoutan impiamente a miña existencia,
claroscuros precipítanse na miña mente, coma demos e vestixios do pasado.
Aquel misticismo de sons, aquela ladaña de dozura, cicatrizan as miñas feridas,
insuflándome enerxía, vida e ilusións.

Comovedora percusión que alporiza o meu sangue e enaltece a miña estima,
mergullando o meu espírito na sinfonía de fazañas, epopea de morriñas,
tanxido de ledicia, feitizo da miña serenidade.